


Produto interior bruto

NOTA 1: O pasado 04.09.2024 o INE publicou a Revisión Estatística 2024 das Contas Nacionais, que trae a estimación definitiva de impacto sobre o PIB para o ano de referencia 2021 -o que fai que 2021 pase a substituír ao ano 2015 como ano de referencia- e afectará a todos os valores posteriores ao dito ano. Dado que a data de peche deste Boletín aínda non están dispoñibles os datos equivalentes para Galicia óptase por presentar os datos ata o segundo trimestre de 2024 mantendo como ano base de referencia o ano 2015 co obxecto de que os datos sexan coherentes entre si e permitan unha análise comparada axeitada.

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España

	% (T/T-4)	2018	2019	2020	2021	2022	2023	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23	3T23	4T23	1T24	2T24
Galicia		3,0	1,1	-8,9	7,6	4,1	1,8	2,9	3,5	2,4	3,3	2,3	1,0	0,6	0,7	-4,6	-18,5	-6,5	-6,0	-0,7	18,8	6,8	7,1	6,4	5,6	2,7	1,9	3,2	1,5	0,9	1,8	2,0	2,5
España		2,3	2,0	-11,2	7,0	5,8	2,5	2,6	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	1,9	1,5	-4,6	-21,7	-9,2	-9,2	-3,6	19,4	5,1	7,0	6,8	7,2	5,4	3,8	4,0	2,0	1,9	2,2	2,6	2,9

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE



O PIB galego no segundo trimestre de 2024 medrou en 0,5 puntos porcentuais respecto do anterior, o que o levou a un incremento de 2,5 puntos en termos interanuais, tal e como estaba previsto. O PIB en España para o mesmo período medrou en 0,8 puntos porcentuais respecto do trimestre anterior e, en termos interanuais, a variación do PIB español se sitúa no 2,9%, de novo en liña coas previsións.

O Gráfico 1, que amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual, reflicte que, logo de que a pandemia alterase a evolución do crecemento económico dun xeito extremo -con fortes caídas do PIB interanual durante cinco trimestres consecutivos, e incrementos tamén superiores ao habitual durante os nove trimestres seguintes- desde o segundo trimestre de 2023 os valores do incremento do PIB tanto en Galicia como en España están a ser comparables aos que se estaban a producir nos trimestres previos á chegada do Covid-19. O PIB interanual leva tres trimestres

consecutivos medrando respecto do dato interanual do trimestre precedente tanto en Galicia como en España.

As previsións avanzadas para o terceiro trimestre de 2024 recollen un 0,8% de suba do PIB en España respecto do primeiro trimestre de 2024 e un incremento do 3,4% en termos interanuais. As previsións para Galicia neste período para este período son de subas porcentuais do 0,8 intertrimestral e do 2,8 interanual.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Nota 2: Desde o 19.04.2024 a EPA incorpora as cifras do Censo de Población y Viviendas de 2021, motivo polo que se actualizaron os datos dos anos 2021, 2022 e 2023 coa base poboacional 2021.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 3º Trimestre 2024

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.271,9	16,5	1,3	9,9	0,8
España	24.577,1	137,1	0,6	236,1	1,0

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do terceiro trimestre de 2024 recolle o aumento da poboación activa galega en 16.500 persoas (o 1,3%) respecto do anterior, mentres que en España rexístrouse un crecemento do 0,6% logo de que a poboación activa aumentase en 137.100 persoas. Con respecto do terceiro trimestre de 2023 tanto a

poboación activa galega (0,8%) como a española (1,0%) amosaron crecemento, aínda que un pouco menos intenso en Galicia.


O número de persoas ocupadas en Galicia medrou en 23.800 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o 2,1%), dato que supera en 1,5 puntos porcentuais á media española, logo de que a ocupación en España aumentara en 138.300 persoas. Respecto do terceiro trimestre de 2023 producíronse incrementos tanto en Galicia, onde as persoas ocupadas aumentaron en 16.100 (o 1,4%) como en España, onde o fixeron en 376.600 (o 1,8%). Os incrementos porcentuais intertrimestrais da ocupación reducíronse á metade respecto dos rexistrados fai catro trimestres tanto en Galicia como en España. Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no terceiro trimestre de 2024 ata o 48,8%, taxa superior en oito décimas de punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en máis de 3.5 puntos porcentuais á taxa do 52,4% rexistrada en España neste trimestre, co que o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España reducíuse en sete décimas respecto do trimestre anterior.

Para rematar coa análise da EPA, e polo que atinxe ao número de persoas en paro, en Galicia produciuse unha redución do paro no trimestre de -7.300 persoas, o que supuxo unha diminución do -6,1% en termos porcentuais, mentres que o número de persoas en paro en España apenas se reduciu no trimestre cun total de -1.200 persoas paradas menos (o -0,0%). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o paro baixou en Galicia en termos interanuais en -6.200 persoas, o que supón unha redución interanual do paro do -5,2%, superior á rexistrada en España, onde o descenso do paro respecto ao terceiro trimestre de 2023 foi de -140.400 persoas (o -4,9%). Deste xeito a taxa de paro en Galicia fica no 8,8% mentres que a española pasou a ser do 11,2%.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 3º Trimestre 2024

3T24	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
TOTAL	118.045	118.678	120.992	107	633	2.314	0,1%	0,5%	1,9%	-9.400	-9.047	-9.651	-7,4%	-7,1%	-7,4%
Homes	48.359	48.317	49.454	-528	-42	1.137	-1,1%	-0,1%	2,4%	-3.373	-3.200	-3.889	-6,5%	-6,2%	-7,3%
Mulleres	69.686	70.361	71.538	635	675	1.177	0,9%	1,0%	1,7%	-6.027	-5.847	-5.762	-8,0%	-7,7%	-7,5%
<30 anos	12.260	12.533	13.792	-91	273	1.259	-0,7%	2,2%	10,0%	-689	-777	-1.058	-5,3%	-5,8%	-7,1%
entre 30 e 44 anos	32.915	33.252	33.450	604	337	198	1,9%	1,0%	0,6%	-3.512	-3.280	-3.523	-9,6%	-9,0%	-9,5%
>44 anos	72.870	72.893	73.750	-406	23	857	-0,6%	0,0%	1,2%	-5.199	-4.990	-5.070	-6,7%	-6,4%	-6,4%
Agricultura e Pesca	3.617	3.531	3.605	-108	-86	74	-2,9%	-2,4%	2,1%	-490	-487	-521	-11,9%	-12,1%	-12,6%
Industria	11.501	11.654	11.782	-152	153	128	-1,3%	1,3%	1,1%	-1.458	-1.219	-1.394	-11,3%	-9,5%	-10,6%
Construción	7.791	7.778	7.782	-122	-13	4	-1,6%	-0,2%	0,1%	-1.009	-966	-1.046	-11,5%	-11,0%	-11,8%
Servizos	84.198	84.776	86.267	483	578	1.491	0,6%	0,7%	1,8%	-5.953	-5.892	-6.394	-6,6%	-6,5%	-6,9%
Sen emprego anterior	10.938	10.939	11.556	6	1	617	0,1%	0,0%	5,6%	-490	-483	-296	-4,3%	-4,2%	-2,5%

Fuente: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Xunta de Galicia



o incremento en termos absolutos foi similar entre homes e mulleres. Isto levou a diferenza entre o número de mulleres e o de homes que se rexistran como parados a superar as 22.000 persoas (no trimestre o diferencial entre mulleres e homes incrementouse en máis de 2.000 mulleres paradas rexistradas). En termos porcentuais isto eleva a porcentaxe de mulleres no total de persoas rexistradas como paradas en seis décimas para ficar no 59,1%, fronte ao 58,5% co que se pechou o pasado trimestre. Respecto do terceiro trimestre de 2023 produciuse unha redución dunha décima, xa que ao remate daquel trimestre o paro feminino rexistrado era o 59,2% do total.

Se atendemos á evolución en función do grupo de idade respecto do trimestre anterior vemos un comportamento dispar. Así mentres que entre menores de trinta anos e persoas de 45 ou máis anos o comportamento segue o patrón típico do trimestre (os descenso no paro rexistrado do segundo trimestre prolónganse en xullo para rexistrarse incrementos en agosto e aínda maiores en setembro) para o grupo de idade intermedia xullo foi o mes con un aumento maior do paro rexistrado, aumentos que se foron reducindo conforme avanzou o trimestre. En termos porcentuais cómpre sinalar, tal e como acontecer de cotío nos terceiros trimestres, como os incrementos do paro son especialmente intensos no mes de setembro entre as persoas menores de trinta anos, mes nos que o paro rexistrado aumenta en máis do 10% mentres ningún outro grupo de idade amosa aumentos maiores do 2% en ningún mes. En termos interanuais, tal e como ven de acontecer en anteriores trimestres, a redución do paro rexistrado máis acusada produciuse entre as persoas de entre 30 e 44 anos de idade, único grupo no cal a redución foi superior á redución media observada. Para o resto de grupos a redución observada estivo cada mes por baixo da redución da media mensual.

Respecto do paro rexistrado nos distintos sectores de actividade, a diferenza do acontecido neste trimestre en anos anteriores, o paro rexistrado non só aumentou no sector servizos senón que tamén o fixo na industria e entre as persoas sen emprego anterior. Mes a mes, en xullo houbo redución do paro nos sectores primario e secundario, mentres que en setembro o paro rexistrado aumentou en todos eles, se ben neste último mes hai que destacar que o paro na construción apenas aumentou. Trátase, en todo caso, de diminucións e incrementos cativos, nunca por baixo ou por riba do 3% salvo o incremento do paro rexistrado para o mes de setembro entre as persoas sen emprego anterior (5,6%). Respecto do acontecido fai catro trimestres as reducións no paro rexistrado no sector primario mantivéronse entre -11% e -13% mentres que as reducións na industria e na construción baixaron levemente respecto das amosadas en termos interanuais fai tres meses, aínda que mantivéronse entre o -10% e o -11%. As reducións no sector servizos, o máis numeroso, ficaron por baixo do -7% e entre o grupo de persoas sen emprego anterior continuou a baixa porcentual e rematou setembro no -2,5%.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 3º Trimestre 2024

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
3T2024	214.370	31.371	17,1%	3.729	1,8%
Homes	112.491	16.082	16,7%	2.585	2,4%
Mulleres	101.879	15.289	17,7%	1.144	1,1%
<30 anos	84.360	20.733	32,6%	5.258	6,6%
entre 30 e 44 anos	70.822	5.111	7,8%	-2.302	-3,1%
>44 anos	59.188	5.527	10,3%	773	1,3%
Indefinido	60.578	2.960	5,1%	-129	-0,2%
Temporal	152.010	27.860	22,4%	4.368	3,0%
Prácticas / Formación	1.352	991	274,5%	-21	-1,5%
Outros	430	-440	-50,6%	-489	-53,2%
Agricultura e Pesca	8.492	3.854	83,1%	-1.348	-13,7%
Industria	28.459	3.395	13,5%	15	0,1%
Construción	7.740	409	5,6%	314	4,2%
Servizos	169.679	23.713	16,2%	4.748	2,9%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

porcentual máis do que o fixo entre os homes con respecto ao trimestre anterior. Na comparación cos datos do terceiro trimestre de 2023 o número de contratos novos aumentou tanto entre os homes como entre as mulleres, pero mentres que nos homes o número de novos contratos asinados diminuíu en máis do 2%, no caso das mulleres ese aumento apenas superou o 1%.

Por rangos de idade o aumento da nova contratación foi máis intensa entre as persoas menores de 30 anos (por riba do 32%) e foron o único grupo de idade para quen o número de novos contratos medrou por riba do incremento medio, co que se mantivo a tendencia observada no segundo trimestre do ano. Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o número de novos contratos asinados diminuíu tan só no rango intermedio de idades. Entre os rangos nos que aumentou dito número destacan de novo os menores de 30 anos, único grupo no que o aumento no número de novos contratos asinados superou ao incremento medio.

A sinatura de novos contratos incrementouse en todos os sectores de actividade respecto do segundo trimestre, destacando o sector primario como é habitual no trimestre, seguido da contratación no sector servizos, mentres que a construción foi o sector no cal o número de novos contratos medrou menos. Respecto de fai catro trimestres a contratación tan só se reduciu na agricultura-pesca, con reducións de preto do -14%, mentres que tanto o sector servizos como o da construción amosaron incrementos superiores ao incremento medio observado

Para rematar, a contratación nova segundo o tipo de contrato asinado amosa variacións importantes respecto do segundo trimestre, de xeito especial no que atinxe á contratación en prácticas / formación (suben con forza) e á categoría de Outros (baixan con forza), co que os dous tipos inverten o comportamento rexistrado no trimestre pasado. Os contratos indefinidos medran de xeito suave e os temporais de xeito máis intenso, tal e como sucedera no segundo trimestre. Respecto ao terceiro trimestre de 2023 tan só se incrementaron os contratos temporais, os indefinidos e en prácticas / formación caen moi lixeiramente e os cualificados como Outros reducíronse en máis da metade respecto do terceiro trimestre do ano pasado.


A **afiliación media** en Galicia pecha o terceiro trimestre de 2024 cun aumento no número de afiliacións de menos de mil persoas respecto da afiliación media rexistrada ao remate do trimestre anterior, incremento que se produciu de xeito íntegro no mes de xullo, con reducións da afiliación nos meses de agosto e, de xeito máis forte, setembro, tal e como adoita suceder nos terceiros trimestres. A afiliación media en

Os *Boletíns mensuais do paro rexistrado* indican que no terceiro trimestre de 2024 o **paro rexistrado** incrementouse no 2,6% (3.054 persoas) respecto do segundo. En comparación coa situación ao remate do terceiro trimestre de 2023 a redución rexistrada acadou o -7,4%, inferior en preto de dous puntos porcentuais á producida ao remate do trimestre anterior. Así, o *Gráfico 2*, -que amosa a evolución da porcentaxe de variación interanual do paro rexistrado, e no cal os meses dos segundos trimestres aparecen sinalados na cor violeta- indica que o paro rexistrado leva 42 meses consecutivos de redución interanual e tamén que dita redución foi a máis cativa dos últimos seis trimestres, logo de que as porcentaxes de redución se mantiveran mes a mes entre o -7,0% e o -7,5%.

Por sexos, nos meses de xullo e agosto rexistráronse diferenzas significativas logo de que neses meses aumentase o número de mulleres en paro e diminuíse o de homes, mentres que en setembro

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os meses de xullo a setembro de 2024 recollen a sinatura de 214.370 novos contratos, número que supera en máis do 17% aos asinados entre abril e xuño. En termos interanuais a contratación aumentou en preto do 2%, co que se racha coa tendencia dos nove trimestres anteriores a este nos que a contratación en termos interanuais diminuíu trimestre a trimestre.

Respecto á distribución por sexos dos novos contratos, a diferenza entre o número de novos contratos asinados por homes e por mulleres foi de máis de 10.000 novos contratos a favor deles (52,5% do total asinado fronte ao 47,5%). Porén, a porcentaxe de novos contratos asinados medrou entre as mulleres un punto



España seguiu un patrón diferente, logo de que a afiliación media reducírase en preto de -200.000 persoas no trimestre, con caídas en xullo e agosto (neste mes en preto do -1%) e un feble incremento no mes de setembro

O Gráfico 3 recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais. Pódese apreciar como a afiliación media segue a crecer en Galicia e acadou 42 meses consecutivos de crecemento. Respecto da rexistrada ao peche do segundo trimestre de 2024 o ritmo de crecemento da afiliación media interanual viuse reducido nun par de décimas, se ben nos tres meses se mantivo na contorna do 1,4%. O ritmo de crecemento da afiliación media tamén se reduciu lixeiramente en España, de xeito que o diferencial da taxa de incremento interanual con respecto a España medrou en menos dunha décima e pecha setembro en 0,9 puntos porcentuais.

	Afiliación media mensual 3º trimestre 2024 Galicia-España			Variacións								
				mes anterior			interanual					
				absoluta			relativa			absoluta		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
Galicia	1.093.374	1.092.886	1.085.846	8.503	-488	-7.040	0,78%	-0,04%	-0,64%	15.245	14.975	14.734
España	21.383.106	21.189.402	21.198.206	-9.783	-193.704	8.804	-0,05%	-0,91%	0,04%	491.221	482.902	473.411

Fonthe: IGE Informes de afiliación á Seguridade Social (s egundo datos do Ministerio de Empleo e Seguridad Social)

Sinistralidade

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Xuño 2023/2024)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var
Agricultura	516	534	3,5	15	12	-20,0	5	2	-60,0	536	548	2,2
Pesca	303	317	4,6	15	13	-13,3	3	3	0,0	321	333	3,7
Industria	3.220	3.236	0,5	25	26	4,0	4	4	0,0	3.249	3.266	0,5
Construción	1.859	1.924	3,5	45	46	2,2	5	6	20,0	1.909	1.976	3,5
Servizos	5.991	6.421	7,2	65	83	27,7	10	11	10,0	6.066	6.515	7,4
Total	11.889	12.432	4,6	165	180	9,1	27	26	-3,7	12.081	12.638	4,6

Fonthe: ISSGA. Consellería de Empleo, Comercio e Emigración

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Xuño 2023/2024)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var
Agricultura	1.568,9	1.643,3	4,7	45,6	36,9	-19,0	15,2	6,2	-59,5	1.629,7	1.686,4	3,5
Pesca	1.776,7	1.963,6	10,5	88,0	80,5	-8,4	17,6	18,6	5,6	1.882,3	2.062,7	9,6
Industria	2.206,0	2.188,5	-0,8	17,1	17,6	2,6	2,7	2,7	-1,1	2.225,8	2.208,8	-0,8
Construción	2.321,2	2.382,3	2,6	56,2	57,0	1,4	6,2	7,4	19,1	2.383,6	2.446,7	2,6
Servizos	800,7	839,8	4,9	8,7	10,9	25,0	1,3	1,4	7,5	810,7	852,1	5,1
Total	1.160,8	1.193,2	2,8	16,1	17,3	7,3	2,6	2,5	-5,3	1.179,5	1.213,0	2,8

Fonthe: ISSGA. Consellería de Empleo, Comercio e Emigración

Os índices de incidencia amosan unha tendencia similar no seu comportamento, se ben o aumento porcentual foi menor en case que dous puntos porcentuais ao que se produciu no número total de accidentes.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Xuño 2024)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	20	2	3.301	-7.131	4.904	-13.823
España	459	-40	128.380	-74.292	525.178	-171.653

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

persoas traballadoras participantes. Deste xeito, o número de folgas en Galicia pasou de 18 a 20 mentres que o de xornadas non traballadas se reduciu por riba do -78% e o de participantes diminuíu por riba do -68%. En España todos os valores destes parámetros indican unha redución da conflitividade: o número de folgas se reduciu en máis dun -8% e o número de persoas traballadoras participantes nelas o fixo por riba do -36%. Pola súa parte, as xornadas non traballadas se reducion en preto do -25% fronte ao acontecido nos seis primeiros meses de 2023.

Expedientes de Regulación de Empleo

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Xuño 2023-2024

	TOTAL		DESPEDIMIENTOS COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS				REDUCCIÓN DE JORNADAS			
	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	
	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %
Galicia	7.494	-3,973	-35%	934	261	39%	6.275	-5.298	-46%	285	-2	-1%	7.494	-3,973
España	91.760	-18.135	-17%	23.520	1.832	8%	62.883	-19.755	-24%	5.357	-456	-8%	91.760	-18.135

(Elaboración propia a partir dos datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social nas súas Estadísticas de expedientes de regulación de emprego)

cativo, tamén se rexistrou en España, onde acadou o -17%. Se atendemos á evolución dos ERE por tipo de expediente advírtese que, en contra da tendencia principal sinalada no parágrafo anterior, os despedimentos colectivos aumentaron un 8% en España e aínda con máis forza en Galicia (o 39%), aumentos que corroboran as tendencias xa observadas en 2023. Foron os ERE de redución de xornadas (-1% en Galicia e -8% en España) e, sobre todo, os de suspensión de contratos -por ser estes últimos os que afectan á meirande parte dos traballadores en ERE- os principais responsables da diminución de persoas traballadoras afectadas por este expediente.

Os datos recollidos ata o mes de xullo de 2024 na Estadística de expedientes de regulación de empleo publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social amosan que o número de persoas traballadoras en ERE diminuíu no -35%, redución que, aínda que de xeito máis

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2018-2024

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
2023	2.670,7	4,7	20,8	5,1	1.952,5	3,4	15,2	3,7
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.835,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.556,1	5,3	19,0	4,0	1.848,2	4,7	13,8	3,4
2T23	2.686,9	4,4	20,5	4,2	1.964,9	2,4	15,0	2,2
3T23	2.618,8	4,9	21,1	4,5	1.901,2	3,6	15,3	3,3
4T23	2.821,1	4,2	22,6	6,8	2.095,8	2,9	16,8	5,5
1T24	2.718,1	0,4	20,9	9,8	1.965,6	-3,5	15,1	9,9
2T24	2.815,7	4,8	21,3	3,5	2.062,8	5,0	15,6	3,7

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

de xeito que a diferenza entre o custo salarial por persoa traballadora en Galicia respecto a España rexistrou un aumento dun punto e medio porcentual ata ficar no -12,4%.

Os custos laborais e salariais por hora efectiva no segundo trimestre do ano en Galicia medraron respecto aos do primeiro trimestre anterior nun 3,5% e nun 3,7% respectivamente. No caso de España tamén o fixeron, aínda que en porcentaxes inferiores (o 2,0% os custos laborais e o 1,9% no caso dos custos salariais). A diferenza do que viña acontecendo en trimestres anteriores, en Galicia os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, tanto laborais como salariais, foron por baixo dos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes, mentres que en España ocorreu o contrario.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 3º Trimestre 2024

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	877	51.386,9	-330	-19,5%	64	111,3%
Sociedades que ampliaron capital	231	74.501,9	-46	-25,0%	29	-31,9%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

segundo trimestre. Porén, se comparamos co que sucedeu no mesmo trimestre do ano anterior, o capital invertido nestas novas sociedades foi máis do dobre do que fora daquela. O número de sociedades que ampliaron capital tamén diminuíu respecto do segundo trimestre e fíxoo nunha porcentaxe superior ao -16%. Respecto do terceiro trimestre de 2023 o número de sociedades que ampliaron capital medrou en máis dun 14%. Se atendemos ao capital ampliado, este baixou con respecto do anterior trimestre nun -25% e en preto do -32% con respecto ao que acontecera fai catro trimestres.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 3º Trimestre 2024

	3T24	2T24	3T23
Sociedades disolvidas	228	281	205
Sociedades que reducen capital	62	51	59
Sociedades en situación concursal	55	70	54

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

e un máis que no terceiro trimestre do pasado ano, mentres que os procesos de fusión foron en 19 fronte aos sete do segundo trimestre do ano e os once de fai catro trimestres.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Logo de rematar o terceiro trimestre de 2024, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 17 ditames sobre normativa laboral autonómica, 15 menos dos emitidos durante o mesmo período de 2023.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que ao remate do terceiro trimestre deste ano tiveron entrada no AGA 105 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 13 menos das que foron recibidas no 2023. Entre as 65 mediacións e arbitaxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (cinco menos que no mesmo período de 2023), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 63,1%. Así mesmo, durante período proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello presta apoio e asistencia. Nestes nove meses tiveron lugar na sede do Consello 38 xuntanzas de comisións negociadoras, paritarias, de prevención de riscos laborais e grupos de traballo que afectaron a 10 Convenios colectivos de sector.

No que atinxe a nosa función no fomento do debate social no eido das relacións laborais, neste trimestre tivo lugar a inauguración da VII edición do Curso de Negociación Laboral colectiva e individual organizado en colaboración coa Universidade de Vigo.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

